



SI

As mulleres no sector TIC

Edición 2020



XUNTA
DE GALICIA


Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2021

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:
<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

Índice de Contidos



1. Introducción	Páx. 4
2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 6
2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC	Páx. 7
2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 11
2.3 O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero	Páx. 21
2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia	Páx. 28
3. Conclusións	Páx. 33



I. Introducción

I. Introducción





Obxectivos

- Presentación de datos actualizados sobre a presenza das mulleres galegas no Hipersector TIC, en xeral, e no Sector TIC e Sector Contidos, en particular.
- Identificar as súas funcións e roles no cadro de persoal das empresas.
- Analizar o nivel de formación das mulleres galegas nas empresas TIC.

Fontes de Información

- Enquisa sobre a Sociedade da Información nas empresas TIC galegas.
- Afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE ao OSIMGA, procedentes da Seguridade Social.






2. As mulleres nas empresas TIC en Galicia



2.1 A situación da muller no ámbito do Hipersector TIC



O 32,6% dos traballadores do Hipersector TIC son mulleres, o que sitúa a fenda de xénero nos 34,8 puntos porcentuais.

No marco do Hipersector TIC, o Sector Contidos é o que aglutina a maior presenza de mulleres co 41,1%, o que sitúa a fenda de xénero deste grupo de actividades en 17,8 puntos porcentuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo

Ano 2020




Os datos relativos ao emprego no Hipersector TIC no ano 2020 amosan que a fenda de xénero sitúase en 34,8 puntos, sendo o 67,4% dos traballadores homes e o 32,6% mulleres.

A análise por subsectores indica que:

- No Sector TIC, as mulleres contan cunha menor representatividade (30,4%). Neste sector a fenda de xénero é de 39,2 puntos porcentuais
- No Sector Contidos, as mulleres contan cunha representación do 41,1%, polo que se reduce a fenda de xénero a 17,8 puntos porcentuais.

	% Mulleres	Fenda de xénero
Sector TIC	30,4%	39,2 puntos
Sector Contidos	41,1%	17,8 puntos
Hipersector TIC	32,6%	34,8 puntos



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por sexo




Evolución 2018-2020



Ano 2018		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	31,6%	68,4%
Sector Contidos	41,9%	58,1%
Hipersector TIC	33,9%	66,1%

Ano 2019		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	31,1%	68,9%
Sector Contidos	41,5%	58,5%
Hipersector TIC	33,4%	66,6%

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Sector TIC	30,4%	69,6%
Sector Contidos	41,1%	58,9%
Hipersector TIC	32,6%	67,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

No ano 2020, o mercado laboral experimentou un gran impacto polo estalido da pandemia mundial provocada pola COVID-19, se ben, este impacto difire claramente segundo o sector de actividade. Comparativamente, o hipersector TIC é un dos sectores máis resilientes na actual conxuntura. Así, no ano 2020, as afiliacións á Seguridade Social de traballadores/as do Hipersector TIC incrementáronse lixeiramente nun 0,2% (54 persoas).

Non obstante, desde unha perspectiva de xénero, o emprego feminino no hipersector TIC experimentou un lixeiro descenso con respecto ao ano 2019 (-1,9%). Este descenso concéntrase principalmente no sector contidos (-6,4%), mentres que o emprego feminino no sector TIC mantense estable.

Afiliacións á Seguridade Social no Hipersector TIC por réxime




Evolución 2018-2020



Ano 2018		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	35,6%	64,4%
Autónomas	24,8%	75,2%

Ano 2019		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	35,0%	65,0%
Autónomas	24,5%	75,5%

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	34,3%	65,7%
Autónomas	23,8%	76,2%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

O incremento xeral no emprego do hipersector TIC en 2020 procede do crecemento no volume de traballadores/as do Réxime Xeral (+0,6% respecto ao ano 2019). Considerando o colectivo de mulleres traballadoras, tanto o emprego no réxime xeral como no réxime especial de autónomos experimenta un lixeiro descenso en 2020, sendo menos acusado no réxime xeral (-1,6%).



2.2 O emprego no sector TIC en Galicia desde unha perspectiva de xénero



En termos absolutos, no ano 2020 é no sector de Actividades informáticas onde se rexistra o maior número de mulleres traballadoras. Esta área de actividade emprega a 3.767 traballadoras.

.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC


Evolución 2015-2020



As traballadoras do Sector TIC afiliadas á Seguridade Social en 2020 eran 5.885, unha cifra practicamente idéntica ao do ano 2019. Se ben, no último ano produciuse un incremento da fenda de xénero no Sector TIC ata os 39,2 puntos porcentuais, debido a que o emprego masculino medrou un 2,9% no último ano.

No período 2015- 2020, o emprego feminino no sector TIC aumentou en 700 traballadoras (+13,5%). Non obstante, o peso da muller no sector TIC descende progresivamente en 2,7 puntos porcentuais neste período porque o ritmo de crecemento do emprego masculino é superior (+28,2%)

	Mulleres	Homes
Ano 2015	33,1%	66,9%
Ano 2016	32,9%	67,1%
Ano 2017	32,1%	67,9%
Ano 2018	31,6%	68,4%
Ano 2019	31,1%	68,9%
Ano 2020	30,4%	69,6%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por réxime Evolución 2018-2020



Ano 2018		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	33,3%	66,7%
Autónomas	23,0%	77,0%

Ano 2019		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	32,6%	67,4%
Autónomas	22,9%	77,1%

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	31,9%	68,1%
Autónomas	22,0%	78,0%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

A fenda de xénero no sector TIC incrementábase respecto ao ano 2019 en 1,4 puntos porcentuais no caso do Réxime Xeral e 1,8 puntos porcentuais no caso do Réxime Especial Autónomos, onde as mulleres só representan o 22% do conxunto das persoas autónomas.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector TIC por subsectores económicos. Ano 2020




En termos absolutos, o maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas adicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 3.767 traballadoras no ano 2020

Atendendo á representación porcentual, é no sector das Telecomunicacións onde se rexistra unha maior porcentaxe de mulleres, cun 37,1% traballadoras.

Pola outra banda, o sector con menor representación feminina é o sector de Manufactureiras TIC, con 139 postos, o que supón que unicamente o 20,3% de postos están ocupados por mulleres.


	% Mulleres
1. Manufactureiras TIC	20,3%
2. Telecomunicacións	37,1%
3. Actividades informáticas	30,2%
4. Comerciais TIC	23,6%
5. Outros Servizos TIC	28,1%
Total sector TIC	30,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR TIC

1. Manufactureiras TIC
2. Telecomunicacións
3. Actividades informáticas
4. Comerciais TIC
5. Outros Servizos TIC




1. Manufactureiras TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2020



	% Mulleres
CNAE 261: Fabricación de compoñentes electrónicos:	10,4%
CNAE 262: Fabricación de ordenadores:	12,5%
CNAE 263: Fabricación de equipos de telecomunicacións:	21,5%
CNAE 264: Fabricación de electrónica de consumo:	40,0%
TOTAL MANUFACTUREIRAS TIC:	20,3%




2. Telecomunicacións

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2020



	% Mulleres
CNAE 611: Telecomunicacións por cable:	39,2%
CNAE 612: Telecomunicacións sen fíos:	29,8%
CNAE 613: Telecomunicacións por satélite:	25,0%
CNAE 619: Outras actividades de telecomunicacións:	27,5%
TOTAL TELECOMUNICACIÓNS:	37,1%




3. Actividades Informáticas

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2020



	% Mulleres
CNAE 620: Actividades de programación o consultaría:	30,1%
CNAE 631: Procesos de datos:	33,5%
TOTAL ACTIVIDADES INFORMÁTICAS:	30,2%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.


4. Comerciais TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2020



	% Mulleres
TOTAL COMERCIAIS TIC	
(CNAE 465: Comercio por xunto de ordenadores):	23,6%




Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

5. Outros Servizos TIC

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social Ano 2020




	% Mulleres
CNAE 582: Edición de videoxogos:	28,2%
CNAE 951: Reparación de ordenadores e equipos:	28,0%
TOTAL OUTROS SERVIZOS TIC:	28,1%





2.3. O emprego no sector contidos en Galicia desde unha perspectiva de xénero



Un 41,1% dos traballadores/as do sector contidos son mulleres. No marco do hipersector TIC confírmase a maior incorporación das mulleres ás actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos


Evolución 2015-2020



No ano 2020 obsérvase un descenso no número de mulleres contratadas no Sector Contidos, en consonancia co descenso global do emprego do subsector contidos. Este descenso debemos contextualizado no marco da pandemia provocada pola Covid-19.

Aínda así, a evolución da presenza da muller no sector mantense estable no período 2015-2020, cun peso do 41% ao longo de todo o período.

	Mulleres	Homes
Ano 2015	41,5%	58,5%
Ano 2016	41,3%	58,7%
Ano 2017	41,7%	58,3%
Ano 2018	41,9%	58,1%
Ano 2019	41,5%	58,5%
Ano 2020	41,1%	58,9%



Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por réxime




Evolución 2018-2020



Ano 2018		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	43,9%	56,1%
Autónomas	31,2%	68,8%

Ano 2019		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	43,8%	56,2%
Autónomas	29,8%	70,2%

Ano 2020		
	% Mulleres	% Homes
Réxime Xeral	43,7%	56,3%
Autónomas	29,6%	70,4%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.


No 2020, no Sector Contidos, as afiliadas á Seguridade Social a través do Réxime Xeral representan o 43,7%. En termos absolutos, descende a fenda de xénero no réxime xeral, pasando dunha diferenza entre homes e mulleres de 559 traballadores no ano 2019 a 523 no ano 2020.

Afiliacións á Seguridade Social no Sector Contidos por subsectores económicos. Ano 2020



Un ano máis, os dous subsectores económicos que conforman o Sector Contidos, superan o 40% de mulleres traballadoras, o que confirma a maior incorporación das mulleres ás actividades relacionadas cos contidos e medios audiovisuais.

	% Mulleres
1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son:	41,2%
2. Medios de información:	41,0%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.

Análise dos subsectores económicos que conforman o SECTOR CONTIDOS

1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son
2. Medios de información





1. Edición de libros e actividades relacionadas con cine, TV e son

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2020



	% Mulleres
CNAE 581: Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais:	43,8%
CNAE 591: Actividades cinematográficas, de vídeo e de programación de televisión:	39,4%
CNAE 592: Actividades de gravación de son e edición musical:	12,3%
TOTAL EDICIÓN DE LIBROS E ACTIVIDADES RELACIONADAS CON CINE, TV E SON:	41,2%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.




2. Medios de Información

Desglose por CNAE –2009 Afiliacións á Seguridade Social

Ano 2020


	% Mulleres
CNAE 601: Actividades de radiodifusión:	41,0%
CNAE 602: Actividades de programación e emisión de televisión:	38,3%
CNAE 639: Outros servizos de información:	45,7%
TOTAL MEDIOS DE INFORMACIÓN:	41,0%



Fonte: Elaboración do OSIMGA a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados polo IGE, procedentes da Seguridade Social.



2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC en Galicia



O 69,1% das empresas TIC galegas contan con mulleres no seu persoal.


Só no 9,3% das empresas TIC as mulleres supoñen máis da metade do seu persoal.

2.4. Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia




O 69,1% das empresas TIC galegas contan con mulleres entre o seu persoal. Pola contra, se analizamos a porcentaxe de empresas nas que máis da metade do seu persoal son mulleres, o dato redúcese ata o 9,3%.

Empresas TIC que contan con mulleres no seu persoal



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

Empresas TIC nas que máis da metade do seu persoal son mulleres




Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.

2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



No cadro de persoal das empresas TIC de Galicia, os homes teñen presenza maioritaria nas tarefas de dirección e especialmente en funcións específicas TIC, onde a fenda de xénero sitúase nos 34,6 puntos.

Distribución porcentual media do persoal das empresas TIC



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia.


2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 14,3% das empresas TIC galegas contan con mulleres en postos de dirección.


Entre o persoal dedicado a I+D+i, o 21% son mulleres, o que supón unha fenda de xénero de 58 puntos porcentuais.

Empresas TIC que contan no seu persoal con mulleres en postos de dirección



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia

Distribución media do persoal en I+D+i segundo o sexo.



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia


2.4 Funcións e roles das mulleres nas empresas TIC de Galicia



O 27,1% dos homes e o 11,9% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 15,2 puntos porcentuais.

No caso dos ciclos formativos superiores a fenda de xénero acada os 14,5 puntos porcentuais.

Titulación do persoal segundo o sexo



Fonte: OSIMGA. Enquisa ás empresas TIC de Galicia Base: empresas TIC de Galicia




3. Conclusiones

3. Conclusións



7.963 mulleres ocuparon postos de traballo en empresas do Hipersector TIC galego en 2020, o que representa o 32,6% dos empregos.

No Sector Contidos, as mulleres contan cunha maior representación, 41,1%, o que reduce a fenda de xénero a 17,8 puntos porcentuais.



O Sector TIC rexistrou 5.885 mulleres afiliadas á Seguridade Social en 2020, o que supón o 30,4% dos traballadores/as do sector.

En termos absolutos, o maior número de mulleres traballadoras no Sector TIC rexístrase en empresas adicadas ás Actividades informáticas. Neste subsector empregáronse 3.767 traballadoras no ano 2020



No Sector Contidos o número de mulleres traballadoras acada no 2020 as 2.078, cun lixeiro descenso na contratación en consonancia coa contracción xeral do emprego dese subsector. Aínda así, a evolución da presenza da muller no subsector contidos mantense estable no período 2015-2020, cun peso do 41% ao longo de todo o período.

A actividade onde as mulleres contan con maior presenza é “Edición de libros, e actividades relacionadas con cine, televisión e son” (41,2%).



O 27,1% dos homes e o 11,9% das mulleres que traballan no sector TIC en Galicia posúen algún tipo de Titulación Universitaria STEM, o que supón unha fenda de xénero de 15,2 puntos porcentuais

En canto aos roles nas empresas, a muller está infrarepresentada nos postos de liderado. Unicamente o 14,3% das empresas TIC galegas contan con algunha muller en postos de dirección.

